AXENDA 21 ESCOLAR - ACTIVIDADES 3º TRIMESTRE

Continuamos co desenvolvemento da nosa A21-E, un proxecto que recordamos pretende acadar melloras a varios niveis: **clima social** (promovendo unha maior participación/implicación de todo os membros da comunidade educativa nas actividades do centro); **xestión socioambiental** (supón o noso compromiso para traballar pola calidade ambiental e a sostibilidade do instituto e do seu contorno, cun consumo máis racional/coherente de todo tipo de recursos e a procura da corresponsabilización); **innovación curricular** (integrando as propostas nas nosas programacións e, na medida do posible, traballando conxunta e interdisciplinarmente na aula).

Ademais doutras actividades (en colaboración cos *Grupos de Traballo* en marcha, *Proxecto Interdisciplinar*, profesorado de varios departamentos que está a traballar na aula sobre os ámbitos "auga" e "alimentación", etc...), outras propostas programadas para o 3º trimestre son:

***O MUNDO A TRAVÉS DOS MEUS OLLOS* (actividade coordinada por Camilo, coa colaboración dos/as titores/as).**

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE:
Recoller información sobre as preocupacións do alumnado/profesorado e sobre a percepción que temos do mundo no que vivimos (as súas problemáticas, aquilo que nos chama atención e motiva...).
Mobilizar á comunidade educativa e mellorar o clima social e a convivencia no centro.

PROPOSTAS:
Elaboración de pequenos murais e montaxe dunha exposición:
Elaboraremos un pequeno mural por persoa, no que se incluirá:
Unha imaxe (foto) dos seus ollos (varios/as alumnos/as farán fotos dos ollos de toda as persoas que colaboren).
Dous comentarios (2 frases) relativos a temas globais ou locais:
Unha sobre unha problemática que lle preocupe (ASPECTO NEGATIVO).
Outra relacionada con algo que lle interese, motive, apeteza, ..., ou tamén cunha proposta para solucionar a problemática anterior (ASPECTO POSITIVO).
Concurso: Darase un prazo de tempo para tentar identificar aos donos desas olladas. Os/as que máis acerten levan un premio.

***CICLO DE CINE* (actividade coordinada por Paco).**

Prevemos que comece un ciclo de cine de temática socioambiental, organizado no centro e dirixido a toda as persoas do Concello interesadas. Inaugurará esta mostra o filme "Una verdad incómoda", documental sobre o cambio climático centrado especialmente no quecemento global. Conducido por Al Gore, revisa a evidencia científica do cambio climático mundial, discute aspectos políticos e económicos e describe as consecuencias que tal cambio pode xerar se os gases de efecto invernadoiro producidos polo home non se reducen nun tempo moi curto. A filme foi premiada cos Óscar ao mellor documental e á mellor canción orixinal no ano 2006, e o seu condutor, Al Gore, galardoado co Premio Novel da Paz pola súa contribución á reflexión e á acción mundial contra o cambio climático, e co Premio Príncipe de Asturias de Cooperación Internacional.
Ao final de cada proxección abrirase un coloquio guiado por unha persoa do centro ou un experto no tema.
Admítense suxerencias sobre filmes e/ou documentais para proxectar, de temática social/ambiental. Por suposto, calquera colaboración será moi ben acollida. Animádevos!

***EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA* (actividade coordinada por Juan).**

O obxectivo desta actividade é dinamizar a vida do centro coa implicación a nais/pais e valorar os cambios producidos a nivel persoal (membros da comunidade educativa) e no noso entorno máis próximo.
Solicítase a colaboración de todos/as.
Incluiremos:
-Fotografías do persoal do centro de cando eramos nenos/as,
-Fotografías de familiares do alumnado (nais e pais, avós...), tamén da súa infancia,
-Fotografías antigas de Chantada (vila, outras localidades, paisaxes...).

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 6

Marzo—2008

Carballeira do centro

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS PARA O 3º TRIMESTRE

DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
3º Trimestre	ROTEIRO POLO SIL E OBSERVACIÓN DAS BARCAS TRADICIONAIS	Abril		Un día	X	X	2º BAC. B	
	VISITA ILLAS CÍES	Maio		2 días		X	2º BAC.	
	SAÍDAS PROXECTOS RÍOS						ESO	
	SAÍDAS POLAS ZONAS RECREATIVAS PARA A OBSERVACIÓN DE ÁRBORES E AVES	Xuño		2 Horas	X		ESO	

DEPARTAMENTO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
3º Trimestre	VISITA LUGO E CASTRO DE VILADONGA	1ª Sem. Maio		Un día	X	Xº	1º-2º ESO	

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
3º Trimestre	RAFTING	Abril	14-04-2008	Un día	X		3º-4º ESO	

DEPARTAMENTO: FRANCÉS

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
3º Trimestre	OBRA DE TEATRO		24-04-2008	Un día	X		TODOS	

DEPARTAMENTO: MÚSICA

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
3º Trimestre	CONCERTO DIDÁCTICO	Maio		1 Hora			Música	
	FESTIVAL FIN DE CURSO		20-06-2008	2 Horas			Todos	

DEPARTAMENTO: RELIXIÓN

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
3º Trimestre	VISITA A SANTIAGO	Abril		Un día			3º ESO	

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
3º Trimestre	VISITA AO PARLAMENTO DE GALICIA, MUSEO DO POBO GALEGO, CGAC, AUDITORIO DE GALICIA E CASA DE ROSALÍA (PADRÓN)		28/04/08	1 día	X	X	4º ESO	Equipo de Normalización Lingüística
	VISITA A PORTUGAL (BRAGA, VIANA DO CASTELO...)		23/05/08	1 día	X	X	3º ESO	Equipo de Normalización Lingüística
	MUSEO PROVINCIAL DE LUGO, MURALLA ROMANA, CAMPUS UNIVERSITARIO		05/06/08	1 día	X	X	2º ESO	Equipo de Normalización Lingüística

EXCURSIÓN FINAL DE CURSO – 4º E.S.O.

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
3º Trimestre	EXCURSIÓN A VALENCIA	Última semana lectiva de Xuño		7 días			4º ESO	

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

PÁXINA WEB DO CENTRO

A dirección da páxina web do centro é **http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas**. Na actualidade estase a introducir información nos distintos apartados da mesma. Todo profesor ou profesora que desexe colgar algo nela deberá ter un nome de usuario e un contrasinal que lle será dado en dirección. Para calquera aclaración sobre como traballar na páxina web pódese falar cos membros do grupo de traballo T.I.C. (Mª del Carmen Begide Fernández, Javier Conde Vázquez, Mª Isabel Fernández Prado, Eusebio Antonio Fraga Castro, Aura Marina Míguez González, José Manuel Puente Novoa (coordinador) e María Sol Sánchez Moure).

FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA

Habilitouse unha táboa na mesa do/a bibliotecario/a para asinar cando se retira algún fondo por parte do profesorado e non existe ningún/ningunha profesor/a da biblioteca para xestionar o préstamo. Non se pode retirar ningún fondo sen cubrir dita táboa. Tamén se recorda que ningún/ningunha alumno/a pode estar na biblioteca sen acompañamento do profesorado.

EXPULSIÓN DO ALUMNADO DAS CLASES

Ningún/ningunha alumno/a debe ser expulsado da clase sen polo menos cubrir o correspondente parte de incidencias que xustifique tal actuación extrema. Se non existe ningún tipo de escrito o equipo directivo non pode tomar ningunha medida correctora.

BOLETÍN DO CENTRO POR CORREO ELECTRÓNICO

O boletín do mes de marzo de 2008 e todos os seguintes xa só se enviarán por correo electrónico pensando no aforro de papel e tinta da impresora. Por iso é importante que todo o profesorado se acostume a ler a súa conta de correo, xa que tamén moita información do centro será comunicada desta maneira.